

VACINACIÓN ANTIGRIPIAL NOS TRABALLADORES SANITARIOS DE ATENCIÓN PRIMARIA

A vacinación anual no persoal sanitario foi recomendada por primeira vez en 1984 polo Advisory Committee on Immunization Practices (ACIP) e dende entón os diferentes organismos internacionais recomendan a súa **administración anual** xa que, traballar nun centro sanitario, implica ter mais risco de padecer a gripe con respecto a outros ámbitos laborais, e se se enferma pódese ser fonte de infección para **os pacientes** pero tamén para os compañeiros e propios familiares (1,2).

En Galicia adoptouse esta recomendación no ano 1991, pero, a pesar disto, o persoal sanitario mantense reticente en canto a esta vacina. Por isto, na última campaña fíxose un especial fincapé nesta recomendación, apoiada polo [Documento de consenso sobre a vacinación fronte a gripe no persoal sanitario](#), que subscribiron as [sociedades científicas galegas](#) implicadas. Aínda así, as taxas de vacinación nos traballadores sanitarios continúan sendo insuficientes.

Nesta tempada non se conseguiu o obxectivo de cobertura do 35%, aínda que é salientable un lixeiro aumento nas taxas

con respecto ao ano anterior. **A taxa global de cobertura nos sanitarios de primaria foi dun 25%**, segundo datos de rexistro de vacinas en IANUS. **Gráfica 1** (Anexo).

Ante estes resultados cabe preguntarse, unha vez máis, cales son as causas que motivan esta pouca adherencia á vacinación. Algunhas son ben coñecidas (pouca confianza na eficacia, medo as reaccións adversas,...) xunto coas xustificacións persoais de cada un (3-7). Compre lembrar, así mesmo, que está cientificamente probado os beneficios da vacinación (8-10). Ante isto, queda apelar de cara a próxima tempada, tal como se recolle no Documento de consenso, aos tres piares fundamentais da vacinación entre os sanitarios: a **autoprotección**; para **evitar a difusión do virus** e, pola **exemplaridade** que supón o feito de vacinarse, debendo de ser este último o máis importante de cara a mellora da saúde dos pacientes. En relación a este punto, existe evidencia de que a vacinación do persoal contribúe a un mellor coñecemento desta ferramenta preventiva, o que favorece o seu emprego. Os médicos vacinados son ata **3 veces máis** proclives a recomendar a vacina aos seus pacientes e ademais proporcionanlles maior información sobre a vacinación antigripal.

O SEDENTARISMO: UN PROBLEMA DE SAÚDE EN GALICIA?

No ano 1994 a [Organización Mundial da Saúde](#) recoñeceu o sedentarismo como factor de risco independente para a enfermidade isquémica cardíaca. Dous anos despois, o informe do [Surgeon General](#) destacou a importancia que tiña sobre a saúde a realización de actividade física moderada ou intensa, de xeito especial se esta se realizaba todos os días da semana. Dende entón diferentes organismos apoiaron recomendacións sobre a práctica de actividade física.

En Galicia analizouse por primeira vez pólo miúdo a prevalencia de sedentarismo no tempo de lecer no ano 2007. Nese momento estimouse que o 48%, cun intervalo de confianza ao 95% (IC_{95%}) de 46'6 a 49'3, dos galegos de 16 anos en diante eran sedentarios no lecer. Estudos posteriores indican que ata 2011 esta prevalencia non variou significativamente, acadando sempre valores próximos o 50% e sendo, no ano 2011 do 46'9% (IC_{95%}:45'6-48'2).


A caracterización do sedentarismo no lecer en Galicia permite identificar 2 grupos de poboación que deberían ser obxectivo dos programas de educación para a saúde: as mulleres e os traballadores. As mulleres presentan todos os anos prevalencias de sedentarismo no tempo de lecer mais altas cás dos homes. Así no 2011 a prevalencia entre elas é do 53'5% (IC_{95%}:51'6-55'3) mentres que nos homes é do 40'0 (IC_{95%}:38'2-41'9). Entre os que teñen un traballo remunerado a prevalencia de sedentarismo no lecer é do 53'9%

(IC_{95%}:52'0-55'8) mentres que entre os que non o teñen (estudantes, pensionistas ou persoas que desenvolven as tarefas do fogar) é do 39'7 (IC_{95%}:37'9-41'4).

Hoxe en día a recomendación mais estendida, similar á implantada no [programa PASEA](#) posto en marcha pola Consellería de Sanidade, é aquela que afirma que para mellorar ou manter a saúde, os adultos sans necesitan facer actividade física aeróbica de intensidade moderada un mínimo de 30 minutos ao día polo lo menos 5 días á semana ou de 20 minutos ao día de actividade física intensa como mínimo 3 días á semana, ou a combinación de ambas nun rango de gasto calórico determinado. Estas recomendacións, que varían lixeiramente nos adultos de 65 anos en diante, deben complementar todas aquelas actividades cotiás da vida diaria. O consello de actividade física no lecer dado dende atención primaria podería axudar a diminuír a prevalencia de sedentarismo en Galicia dun xeito importante.

Os datos aquí mostrados proceden do [sistema de información sobre condutas de risco \(SICRI\)](#) que empezou a funcionar en Galicia no ano 2005 e dende entón realiza enquisas telefónicas anuais aos adultos galegos. O seu principal obxectivo é coñecer a prevalencia de factores de risco para a saúde ligados á conduta e a realización de prácticas preventivas no nivel poboacional.

COBERTURA DA VACINACIÓN ANTIGRI PAL ENTRE OS SANITARIOS DE ATENCIÓN PRIMARIA



Gráfica 1. Taxas vacinación nos traballadores sanitarios de atención primaria segundo categoría profesional e provincia¹.

¹Datos de vacunados segundo o rexistro de vacinas en IANUS. Para o cálculo de taxas utilízase como denominador a media diaria profesionais sanitarios SERGAS 2012 segundo datos do Serv. de Réxime Retributivo e Sistemas de Información.

BIBLIOGRAFÍA

1. CDC. Recommendation of the Immunization Practices Advisory Committee (ACIP) Prevention and Control of Influenza. May 18, 1984 / MMWR 1984; 33(19):253-60,265-6. Dispoñible en: <http://www.cdc.gov/mmwr/preview/mmwrhtml/00022714.htm>
2. CDC. Immunization of health-care personnel. Recommendation of the Immunization Practices Advisory Committee (ACIP). May 25, 2011 / MMWR 2011; 60(RR07):1-45. Dispoñible en: <http://www.cdc.gov/mmwr/preview/mmwrhtml/rr6007a1.htm>
3. Hofmann F, Ferracin C, Marsh G, Dumas R. Influenza vaccination of healthcare workers: a literature review of attitudes and beliefs. Infection. 2006 Jun; 34(3):142-7. Dispoñible en: <http://rd.springer.com/article/10.1007%2Fs15010-006-5109-5>
4. Hollmeyer HG, Hayden F, Poland G, Buchholz U. Influenza vaccination of health care workers in hospitals--a review of studies on attitudes and predictors. Vaccine. 2009 Jun 19;27(30):3935-44. Dispoñible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0264410X09004691>
5. Hakim H, Gaur AH, McCullers JA. Motivating factors for high rates of influenza vaccination among healthcare workers. Vaccine, August 11, 2011, Vol. 29(35):5963-9. Dispoñible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0264410X11009054>
6. Sánchez-Payá J, Hernández-García I, Barrenengoa Sañudo J, Rolando Martínez H, Camargo Ángeles R, Cartagena Llopis et al. Determinantes de la vacunación antigripal en personal sanitario, temporada 2009-2010. Gac Sanit. 2011;25(1):29-34. Dispoñible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S021391111000292X>
7. Galicia-García MD, González-Torga A, García-González C, Fuster-Pérez M, Garrigós-Gordo I, López-Fresneña N et al. Vacunación de gripe en trabaxadores sanitarios. Por qué se vacunan y por qué no se vacunan. Enferm Infecc Microbiol Clin 2006;24(7):413-7. Dispoñible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0213005X06738174>
8. CDC: Flu Vaccine Effectiveness: Questions and Answers for Health Professionals. Dispoñible en: <http://www.cdc.gov/flu/professionals/vaccination/effectivenessqa.htm>
9. Osterholm MT, Kelley NS, Sommer A, Belongia EA. Efficacy and effectiveness of influenza vaccines: a systematic review and meta-analysis. Lancet Infect Dis. 2012 Jan;12(1):36-44. Dispoñible en: [http://dx.doi.org/10.1016/S1473-3099\(11\)70295-X](http://dx.doi.org/10.1016/S1473-3099(11)70295-X)
10. Hernández-García I, Sánchez-Payá J, Camargo R, Barrenengoa J, Martínez H, González-Torga A. Frecuencia de reaccións adversas de la vacuna antigripal en personal sanitario de un hospital universitario en España. Enferm Infecc Microbiol Clin. 2010 Aug-Sep;28(7):435-8. Dispoñible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0213005X1000073X>